



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/89/2012	CONXI08X
6R3251714S0K5U5D0X1J	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Sala de Xuntas, ás doce horas do día 17 de xullo de 2013, constitúese a Mesa de Contratación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de "Mantemento de hardware e software estándar das instalacións municipais", quedando integrada por:

Preside o acto: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente.

Secretaria: Susana Barbeito Míguez, Xefa do Negociado de Contratación

Vogais: D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Municipal; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli Secretario Xeral; D. Manuel Rodríguez Álvarez, Técnico de Información e Comunicación e Dna. María José Rodríguez Porto, concelleira delegada de novas tecnoloxías.

A Mesa procede a analizar a documentación presentada polas empresas co seguinte resultado:

PROPOSICIÓN Nº1.- UTE 2KSYSTEMS SOLUCIONES INFORMÁTICAS FERROL SL E ARVI SISTEMAS AVANZADOS SL: Presenta a documentación administrativa correctamente.

PROPOSICIÓN Nº 2.- DIXITAL INTERACTIVE DREAM S.L.. Non presenta compromiso de adscripción de medios persoais e materiais.

Pola Mesa de contratación acórdase conceder ao presentador da proposición 2 un prazo de tres días para que presenten na Sección de Contratación os documentos precisos para a subsanación correspondente, de non presentarse a documentación esixida, esta fose errónea ou non cumprise co establecido no prego de condicións, estas non serán admitidas.

Celebrarase unha nova sesión ao día seguinte hábil á expiración do prazo concedido para o arranxo de erros na documentación, co gallo de proceder a determinar as empresas admitidas á licitación e posterior apertura do sobre "B".

Sendo as doce horas e vinte e cinco minutos deuse por rematado o acto, do que como Secretaria dou fe, na data indicada no encabezamento, estendéndose esta acta que asina en proba de conformidade o Sr. Presidente da Mesa.

Vº e Prace
O PRESIDENTE DA MESA